

*Orde do 23 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a creación de aldeas de turismo rural, a mellora de establecementos existentes de turismo rural, e a creación ou mellora da oferta complementaria nos establecementos de turismo rural existentes e se procede á súa convocatoria para o ano 2011 (CT983H), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013.*

A Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística.

O Plan de acción 2010-2013 é o resultado da iniciativa do Debate do Estado de Turismo, desenvolvido entre xullo e novembro de 2009, e que serviu como base para conducir a política de actuación turística da Xunta de Galicia para o presente período legislativo. O obxecto deste documento é establecer cales deben ser as liñas básicas de actuación en materia turística do goberno galego a medio prazo. O plan considera actuacións para levar a cabo unha xestión integral nos vindeiros anos, e converterse así nunha ferramenta de traballo ao servizo do sector. Entre os seus obxectivos prioritarios están: incrementar o peso do turismo no PIB, mellorar o salario medio do sector, aumentar a estancia media e o gasto medio dos turistas que nos visitan.

Galicia, debido a súa xeografía, é un lugar único para levar a cabo todo tipo de actividades turísticas, xa que dispón de singularidades e recursos endóxenos exclusivos do territorio. A situación de despoboamento do territorio rural galego cara á franxa costeira da comunidade autónoma, ao presentar estes espazos rurais unha estrutura económica desequilibrada baseada fundamentalmente no sector primario, leva consecuentemente ao abandono de vellas casas e construcións perfectamente integradas no medio e na paisaxe. Para corrixir e, se é o caso, evitar esta tendencia ao despoboamento, considérase conveniente levar a cabo accións positivas tendentes a procurar unha diversificación da economía local mediante o fomento de investimentos que impliquen a creación de novos postos de traballo nestas zonas, e mediante a xeración de actividades económicas alternativas, ao tempo que complementarias, da tradicional actividade agrícola-gandeira do rural.

A actividade turística estase a revelar como un dos vieiros para acadar os obxectivos sinalados, xa que

as actuais tendencias da demanda turística van cara ao consumo de novos produtos baseados na súa calidade e na oferta diferenciada.

Desta maneira, o medio rural confórmase como o máis adecuado para levar a cabo actividades de natureza tales como observación de especies, enoturismo, actividades náuticas, golf, hípica, sendeirismo, deportes de aventura..., que por unha parte, contribúen a desestacionalizar o turismo cara a outras épocas do ano distintas das típicas vacacionais, dando a coñecer novos lugares da nosa comunidade, e por outra, leva consigo un efecto multiplicador importantísimo na economía mellorando a calidade de vida nas zonas rurais (fundamental no momento de recesión económica actual) e promovendo ademais un turismo sustentable, arrastrando a outros sectores como a produción alimentaria, transportes, etc.

Por isto, a creación de aldeas como o acondicionamento de construcións para dedicalas a establecementos de turismo rural ou incluso a súa oferta complementaria, ten que realizarse a través de proxectos que afonden no coñecemento da historia e do lugar, que permitan resultados axeitados ao medio e, ao mesmo tempo, respectuosos coas estruturas das edificacións, garantindo a autenticidade e a calidade nas intervencións e procurando un equilibrio entre o inmovible, o lugar e o seu uso.

O Programa operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2007-2013 é un documento de programación comunitaria aprobado pola Comisión Europea que recolle a articulación da estratexia da Xunta relacionada con distintos eixes prioritarios de intervención. Dado o carácter prioritario do sector do turismo na comunidade autónoma, nestes eixes establécense medidas dirixidas ao fomento do turismo tales como axudas para a rehabilitación e restauración de establecementos turísticos do medio rural, para a creación ou mellora de actividades complementarias neste, ou para a creación e mellora de actividades de turismo activo e complementarias en establecementos existentes do medio rural.

Para os efectos de crear novos establecementos que dean servizo aos visitantes e mellorar os existentes e a súa oferta complementaria, e así, deste xeito, axudar ao pulo global da oferta turística de Galicia no ámbito é polo que, con cargo aos créditos orzamentarios da Consellería de Cultura e Turismo asignados para esta finalidade, e conforme o establecido sobre medidas de fomento no artigo 54º da Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia, en concordancia co sinalado no artigo 55º da dita lei e tendo en conta o determinado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que

se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se convocan axudas destinadas á creación de aldeas de turismo rural, a mellora de establecementos existentes de turismo rural, e a creación ou mellora da oferta complementaria nos establecementos de turismo rural existentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Estas axudas sométense ao réxime xeral de axudas establecido no Decreto 432/2009, do 11 de decembro, polo que se regulan as axudas rexionais ao investimento e ao emprego na Comunidade Autónoma de Galicia (publicado no DOUE o 16 de febreiro de 2010, con número de axuda X 28/2010), en aplicación do Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado; e, por todo isto,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases específicas que se inclúen como anexo I, polas que se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Cultura e Turismo, en réxime de concorrencia competitiva, para a creación de aldeas de turismo rural, a mellora de establecementos existentes de turismo rural, e a creación ou mellora da oferta complementaria nos establecementos de turismo rural existentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as ditas subvencións para o ano 2011.

#### Artigo 2º.-Solicitudes.

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 5º das bases reguladoras.

2. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse á Secretaría Xeral para o Turismo, a través do teléfono 981 54 63 79 ou 981 54 63 78, do número de fax 981 54 02 75, ou do enderezo de correo electrónico axudas.turismo@xunta.es.

#### Artigo 3º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

1. As solicitudes presentaranse no Rexistro Único da Xunta de Galicia ou por calquera outro dos restantes medios previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

#### Artigo 4º.-Prazo de duración do procedemento de concesión.

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras.

O procedemento de concesión non poderá ter unha duración superior aos seis meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

#### Artigo 5º.-Información aos interesados.

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Secretaría Xeral para o Turismo, a través dos seguintes medios:

- a) Páxina web oficial da consellería ([www.culturaeturismo.xunta.es](http://www.culturaeturismo.xunta.es)), na súa epígrafe de axudas.
- b) Páxina web oficial da Secretaría Xeral para o Turismo ([www.sxturismo.org](http://www.sxturismo.org)).
- c) Os teléfonos 981 54 63 79 e 981 54 63 78 da dita secretaria xeral.
- d) Enderezo electrónico [axudas.turismo@xunta.es](mailto:axudas.turismo@xunta.es)
- e) Presencialmente.

#### Disposicións derradeiras

##### Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.

Facúltase a secretaria xeral para o Turismo para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

##### Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2011.

Roberto Varela Fariña  
Conselleiro de Cultura e Turismo

## ANEXO I

**Bases reguladoras específicas para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a entidades privadas para creación de aldeas de turismo rural, a mellora de establecementos existentes de turismo rural, e a creación ou mellora da oferta complementaria nos establecementos de turismo rural existentes da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011 (CT983H)**

Artigo 1º.-*Obxecto e réxime das subvencións.*

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto a promoción e comercialización de Galicia como destino turístico, mediante a subvención a entidades privadas para a creación de aldeas de turismo rural, a mellora de establecementos existentes de turismo rural, e a creación ou mellora da oferta complementaria nos establecementos de turismo rural existentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As axudas reguladas nesta orde establécense ao abeiro do Regulamento (CE) 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 210, do 31 de xullo) para o período 2007-2013, de acordo co establecido na Orde EHA 524/2008, do 26 de febreiro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Feder e Fondo de Cohesión.

Estas axudas axústanse ao obxecto establecido no eixe 5: desenvolvemento sustentable local e urbano. Tema prioritario 57: axudas á mellora dos servizos turísticos. Actuacións de fomento do turismo (5.57.2), do Programa operativo de Galicia Feder 2007-2013.

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e quedará suxeito ao Decreto 432/2009, do 11 de decembro, polo que se regulan as axudas rexionais ao investimento e ao emprego na Comunidade Autónoma de Galicia, en aplicación do Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías) (DOUE L 214, do 9 de agosto de 2008).

3. Con carácter xeral e, de acordo co establecido no artigo 29º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable responden á natureza da actividade subvencionable.

En concreto, consideraranse actuacións subvencionables as que se citan a continuación:

Liña A) de axudas destinadas a proxectos relativos á creación de aldeas rurais para a realización de actividades de turismo rural.

Segundo o Decreto 191/2004, do 29 de xullo, de establecementos de turismo rural, enténdese por aldea de turismo rural «o conxunto de, como mínimo, 3 casas situadas no mesmo núcleo rural, que sexan explotadas de forma integrada e pertencen ao mesmo titular. O conxunto das vivendas da aldea de turismo rural gardará entre si unha distancia máxima de 500 m».

Non se inclúen neste punto a creación de casas de turismo rural.

Liña B) de axudas destinadas a proxectos de mellora, modernización e remodelación de aldeas rurais, ou establecementos existentes de turismo rural.

Liña C) de axudas destinadas a proxectos de creación ou mellora da oferta complementaria nos establecementos existentes de turismo rural en actividades tales como turismo de natureza, turismo mariñeiro, enoturismo, hípica, golf, náuticas e aquelas actividades recreativas que supoñan oferta turística complementaria no medio rural, sempre que estean insertas e vinculadas a eles.

Todas estas liñas de axudas correspóndense cos proxectos de inversión subvencionables recollidos no artigo 3º.1 do Decreto 432/2009, do 11 de decembro, e no artigo 12º do Regulamento 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto de 2008.

4. As accións de mellora abranguen tanto actuacións nas instalacións como aquelas definidas para a creación ou mellora da oferta complementaria no establecemento. A mellora subvencionable non poderá supoñer un incremento superior ao 30% das prazas autorizadas pola Administración turística (e no caso de ter desfrutado dunha subvención semellante nos últimos cinco anos non poderá incrementar ningunha praza); no caso de que a mellora implique un incremento superior presentarase o desagregamento orzamentario do proxecto que reflecta o custo correspondente á creación de cada unha das novas prazas que permita a determinación da contía da subvención.

5. Considérase investimento subvencionable tanto a execución material das obras que se acometan para a creación, reforma ou mellora dos establecementos obxecto desta orde como, se é o caso, a adecuación do contorno e as actuacións de recuperación dos elementos de arquitectura, a cultura e a sociedade tradicional e os honorarios técnicos.

6. Están comprendidos nos proxectos de obras e son, polo tanto, subvencionables, todos aqueles bens de equipo que deben ser empregados nestas mediante instalacións fixas, sempre que constituán complemento natural da obra (cocinas, cámaras frigoríficas, instalacións de aire acondicionado, etc.). Non se considera subvencionable o equipamento que non cumpra as ditas condicións.

7. Queda expresamente excluído do ámbito de aplicación desta orde o mobiliario, a lenzaría, enxoval doméstico, louza e análogos, e a adquisición de terreos.

8. En ningún caso serán obxecto de subvención os gastos de xuros debedores en contas bancarias, os derivados de recargas e sancións administrativas e penais. Os tributos serán gasto subvencionable cando a persoa beneficiaria da subvención os aboe efectivamente. En ningún caso se van subvencionar os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

9. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

10. Unicamente poderán recibir subvención, no caso de pemes, aqueles proxectos que se executen unha vez confirmada pola Secretaría Xeral para o Turismo a súa elixibilidade. Os solicitantes recibirán comunicación escrita en que conste que o proxecto cumpre inicialmente as condicións de subvencionabilidade suxeita ao resultado final da súa verificación detallada, sempre que a solicitude se presentase conforme o establecido nesta orde. Os proxectos que non cumpran estes requisitos non serán obxecto de axuda posto que as actuacións subvencionables teñen que ser realizadas e pagadas no período comprendido desde esta notificación ata a data límite de xustificación establecida no artigo 18º.

No caso de grandes empresas, as axudas terán efecto incentivador se cumpren con algún dos criterios recollidos no artigo 3º.2 b) do Decreto 432/2009, en relación co artigo 8º parágrafo 3 do Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto de 2008.

#### Artigo 2º.-Financiamento e concorrencia.

1. As subvencións relativas á creación e mellora dos establecementos obxecto desta orde imputaranse ás aplicación orzamentaria 11.02.761A.770.0 cofinanciada ao 70% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, cun crédito de 1.000.000 €. A distribución por anualidades será a que se indica no cadro adxunto, sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderán dar lugar á concesión de máis subvencións, de acor-

do coa orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos criterios do artigo 9º.

Aplicación orzamentaria, anualidade, importe:

11.02.761A.770.0, 2011, 500.000 €.

11.02.761A.770.0, 2012, 500.000 €.

Os expedientes que representen gastos plurianuais deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 58º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

O importe total da subvención distribuirase nunha ou dúas anualidades conforme coa execución do investimento subvencionado.

2. Os proxectos de creación ou mellora que se recollen nesta orde como accións subvencionables poderán acadar unha subvención de ata o 40% (proxectos de creación) e 30% (proxectos de mellora) sobre o investimento subvencionable cando se trate de pequenas e medianas empresas e de ata o 30% (proxectos de creación) e 20% (proxectos de mellora) nos demais casos, sempre que non se superen os límites máximos de axuda establecidos na normativa aplicable.

Cando se trate de proxectos de creación de aldeas de turismo rural, para o cálculo do investimento subvencionable estimarase como orzamento máximo de execución material 750 euros/m<sup>2</sup> construído, sen engadir o orzamento imputable á urbanización que será valorado polos servizos técnicos da Secretaría Xeral para o Turismo.

Para os efectos de cálculo do investimento subvencionable, os honorarios técnicos de redacción de proxecto e dirección de obra non serán superiores ao 8% do orzamento de execución material subvencionable.

3. Estas axudas poderán ser compatibles con outras para a mesma finalidade sempre que o conxunto de todas as concedidas para os mesmos elementos subvencionables non sobrepasen os límites máximos de axuda establecidos no anexo do Decreto 432/2009. Este límite é do 30%, porcentaxe, que se poderá incrementar ata o 50% cando se trate de pequenas empresas, ou ata o 40% se se trata de medianas empresas. Estas axudas son incompatibles con outras financiadas con fondos europeos.

Estas axudas non se poderán acumular con outras axudas declaradas *de minimis* relativas aos mesmos gastos subvencionables se a contía resultante supere os devanditos límites.

4. Os proxectos desenvolveranse no territorio de Galicia e financiaranse con cargo a fondos Feder.

### Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarias das subvencións as empresas autónomas ou as constituídas baixo calquera tipo de sociedade mercantil, civil ou comunidade de bens, que reúnan os requisitos establecidos nestas bases e sexan titulares dos establecementos nos cales se poidan realizar os investimentos obxecto de subvención, segundo o establecido no artigo 1º destas bases.

Os titulares dos establecementos que se subvenccionen terán que ser propietarios dos inmobles ou predios obxecto de actuación ou ben ter unha disposición sobre eles, acreditada por calquera título válido en dereito, que permita realizar o investimento proxectado. O dito título de disposición terá que ser outorgado en escritura pública e inscrito no Rexistro da Propiedade. En calquera caso o beneficiario da subvención terá o pleno uso e disfrute dos inmobles e/ou dos predios.

Será requisito imprescindible, para a concesión destas axudas, que a empresa solicitante inscriba ou teña inscrita no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia (REAT) a actividade turística para a cal se solicita a axuda ou ben que a partir da entrada en vigor o 23 de febreiro de 2010 da modificación operada no artigo 28º.4 da Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia, pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro, presentase a declaración responsable de inicio da actividade e o compromiso a que se refire o sinalado artigo.

Os requisitos para ser beneficiario deberán cumprirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Non poderán obter a condición de beneficiario aqueles nos cales conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable do interesado.

Tampouco poderán obter a condición de beneficiario aqueles que estén suxeitos a unha orde de recuperación de axuda pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase a axuda ilegal e incompatible co mercado común.

As entidades beneficiarias non poderán ter a consideración de empresa en crise conforme ao disposto no artículo 1º apartado 7 do Regulamento (CE) 800/2008, do 6 de agosto, da Comisión en relación ás peme, e conforme o disposto no punto 2.1 das directrices comunitarias sobre axudas estatais de Salvamento e de Reestruturación de Empresas en crise (2004/C 244/02) en relación ás grandes empresas.

Para as actuacións subvenccionables recollidas no artigo 1º. 3. liñas A) e B) e C) segundo o establecido

no Decreto 191/2004, do 29 de xullo, polo que se regulan os establecementos de turismo rural (TR), modificado polo Decreto 142/2006, do 27 de xullo, os investimentos que se subvenccionen deberán cumprir as seguintes condicións:

a) Os proxectos serán de rehabilitación ou restauración, non de construción *ex novo*, mantendo e recuperando a memoria histórica dos inmobles e do seu contorno.

-Deberán ser respectuosos coa estrutura das edificacións nas súas relacións co lugar; así mesmo, respectaranse na medida en que sexa posible os seus usos tradicionais.

-Manteranse volumes e formas preexistentes e propóranse materiais e acabamentos propios da zona e das condicións dos inmobles.

-Recuperaranse as estruturas tradicionais cos requirimentos técnicos exixibles.

-Terase especial coidado na resolución da cuberta, lucernarios e elementos auxiliares, así como o tratamento de fachadas.

-O proxecto deberá formular solucións de abastecemento de auga e evacuación de residuos.

b) Os proxectos serán globais, é dicir, comprenderán todas as obras e instalacións, no só as pertencentes ás propias edificacións senón tamén, se é o caso, ás do contorno afecto á propiedade do predio, e deberán respectar as características peculiares do medio rural galego.

c) Cando se pretenda unha solución innovadora referida a materiais e acabamentos, deberase atender ao establecido no artigo 10º.1 do Decreto 191/2004, de establecementos de turismo rural.

d) Só se permitirán as construcións *ex novo* para a oferta complementaria de servizos, sempre que estean en consonancia coa edificación principal e que os seus elementos estruturais sexan facilmente reversibles como canchas de tenis, de baloncesto, saunas, piscinas e os seus elementos auxiliares como vestiarios, duchas, etc. Queda expresamente excluído calquera outro elemento que xere discordancia co conxunto (como muros de contención de altura considerable).

e) Ademais das superficies comúns mínimas (salón, comedor, cociñas...) exixidas pola normativa específica, todas as casas contarán cunha zona de espaxamento a modo de salón social de superficie acorde co número de cuartos. A superficie destinada aos propietarios non superará os 30 metros.

f) Os proxectos adecuaráanse aos requisitos establecidos no Decreto 191/2004, do 29 de xullo, polo que se regulan os establecementos de turismo rural

(TR), modificado polo Decreto 142/2006, do 27 de xullo.

Terán a consideración de mediana empresa, aquelas empresas que ocupen a menos de 250 persoas e cuxo volume de negocios anual non exceda de 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non exceda de 43 millóns de euros.

Terán a consideración de pequena empresa, aquelas empresas que ocupen a menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros.

#### Artigo 4º.-*Solicitudes.*

As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indiquen na convocatoria. Xunto coas solicitudes deberá achegarse por duplicado exemplar da seguinte documentación:

a) Anexo II: modelo de solicitude normalizado.

b) Anexo III: anexo técnico.

c) Certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade que acredite que o solicitante da subvención é propietario do inmovible obxecto da rehabilitación ou do predio para nova construción. No caso de existir propiedade pro indivisa, deberase achegar poder notarial dos copropietarios en que se outorgue representación ao solicitante, que deberá ser un deles, para actuar neste procedemento e asumir os compromisos derivados do establecido nesta orde.

No caso de que o solicitante non sexa o propietario acreditará a disposición do inmovible ou do predio para a realización do investimento obxecto da subvención, e o período mínimo de explotación establecido no artigo 15º b) destas bases mediante certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade.

Todo iso sen prexuízo de que se solicite documentación complementaria aclaratoria da propiedade ou disposición dos inmovibles e/ou dos predios.

d) Cando se trate de persoas xurídicas achegarase copia cotexada do NIF, do documento de constitución da sociedade e da documentación acreditativa de representatividade suficiente para actuar en nome da empresa. Se o solicitante é persoa física, observarase o disposto no artigo 5º destas bases.

e) Proxecto básico, elaborado por técnico facultativo competente, que conterá:

e.1. Memoria explicativa do proxecto e xustificación das solucións adoptadas.

e.2. Orzamento do investimento en que se especificará o importe da execución material así como o custo da redacción do proxecto e da dirección de obra e todo o equipamento proposto, segundo o ane-

xo técnico da folia resumo xeral do orzamento que deberá estar na memoria.

Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, o interesado achegará tres orzamentos de diferentes provedores, segundo dispón o artigo 1º.9 destas bases reguladoras en aplicación do artigo 29º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cando a oferta elixida non recaia na proposta económica máis vantaxosa presentarase tamén unha memoria xustificativa da elección realizada.

e.3. Planos de localización do investimento.

e.4. Planos do estado actual se correspondesen e do proxecto.

e.5. Relación exhaustiva (indicando calidades) dos materiais e acabamentos propostos.

e.6. Relación detallada dos mobles e equipamentos (débase indicar calidades, localización e número) que se van instalar.

e.7. Memoria explicativa de adecuación ao contorno das actuacións que, de ser o caso, correspondan, de recuperación de elementos de arquitectura, cultura e sociedade tradicional, así como equipamentos e servizos.

e.8. Memoria explicativa e exhaustiva, tamén asinada polo promotor, do tipo de servizos que se van prestar no establecemento.

e.9. Memoria explicativa das obras encamiñadas á implantación de sistemas de calidade específicos para empresas, en caso de solicitarse para este fin.

Teñen a consideración de edificación e, polo tanto, requiren proxecto básico os seguintes:

I. Obras de ampliación, modificación, reforma ou rehabilitación que alteren a configuración arquitectónica dos edificios, considerándose tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial do sistema estrutural, así como as que teñan por obxecto cambiar os usos turísticos do edificio.

II. Obras que teñan o carácter de intervención total en edificacións catalogadas ou que dispoñan dalgún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico-artístico regulada a través de norma legal ou documento urbanístico, así como aquelas que afecten aos elementos ou partes obxecto de protección e as que supoñan nova construción.

III. Considéranse comprendidas na edificación as súas instalacións fixas e o equipamento propio, así como os elementos de urbanización que estean adscritos ao edificio.

O dito proxecto deberá estar avaliado polo Servizo de Investimentos e Supervisión Técnico-Turística da Secretaría Xeral para o Turismo, que emitirá o informe correspondente.

No caso de tratarse dunha mellora ou reforma dun establecemento turístico xa existente e cando sexan actuacións de pouca entidade que non necesiten proxecto de execución, segundo a normativa vixente, deberase presentar memoria explicativa detallada en que se defina pormenorizadamente o proxecto que se vai executar, orzamento desagregado por conceptos do investimento proxectado e os correspondentes certificados de idoneidade técnica, asinada por persoal técnico competente. Así mesmo, achegárase calquera documentación que permita comprobar a normativa de obrigado cumprimento.

f) Reportaxe fotográfica do inmovible, exteriores, interiores e do contorno.

g) Prazo previsto, expresado en meses, para a execución indicando data de inicio (cronograma de realización).

h) Para a creación de establecementos turísticos (artigo 1º 3. A) será necesario proxecto de explotación do establecemento proxectado que reflita a oferta de servizos prevista, cadro de persoal, réxime de funcionamento, etc.

i) Licenza urbanística que posibilite a execución do investimento para o que se solicita a subvención. No caso de carecer dela no momento de realizar a solicitude de subvención, ou cando se trate de obras para as que non sexa preceptiva segundo a normativa correspondente, presentárase certificación de viabilidade urbanística emitida polo órgano competente do concello, en que se indique que o proxecto para o que se solicita subvención é conforme coa legalidade urbanística vixente no municipio. Coa primeira solicitude de pagamento será obrigatoria a presentación da antedita licenza urbanística.

j) Anexo IV: modelo de declaracións:

-Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

-Declaración expresa de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

-Declaración de non estar suxeito/a a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da

Comisión que declarase a axuda ilegal e incompatible co mercado común.

-Declaración de non ter a consideración de empresa en crise conforme ao disposto no artigo 1º punto 7 do Regulamento (CE) 800/2008, do 6 de agosto, da Comisión en relación ás pemes e conforme o disposto no punto 2.1 das directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (2004/C 244/02) en relación ás grandes empresas.

k) Certificación orixinal expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta en que conste: código de banco, código de sucursal, dígito de control e código de conta corrente.

l) Documento acreditativo da adhesión do establecemento ao Instituto para a Calidade Turística Española, emitido pola súa Delegación Territorial en Galicia.

m) No caso de establecementos coa marca Q de Calidade Turística, documento acreditativo de certificación, emitido polo Instituto para a Calidade Turística Española.

n) No caso de establecementos distinguidos con Compromiso de Calidade Turística, documento acreditativo do Distintivo de Compromiso de Calidade Turística de Boas Prácticas concedido por un destino Sicted (Sistema de Calidade Turística Española en Destinos) na Comunidade Autónoma de Galicia.

ñ) Se é o caso, documentos acreditativos relativo ás certificacións e/ou distintivos de calidade e/ou calidade ambiental do establecemento solicitante.

o) No caso de grandes empresas, co obxecto de verificar o efecto incentivador de acordo co artigo 3º.2 b) do Decreto 432/2009, en relación ao artigo 8º parágrafo 3 do Regulamento (CE) 800/2008, documentación acreditativa dun ou máis dos seguintes criterios:

-Un aumento substancial do tamaño do proxecto ou actividade grazas á axuda.

-Un aumento substancial do ámbito de aplicación do proxecto ou actividade grazas á axuda.

-Un aumento substancial do importe total investido polo beneficiario no proxecto ou actividade grazas á axuda.

-Un aumento substancial do ritmo de execución do proxecto ou actividade de que se trate.

-Polo que respecta ás axudas rexionais ao investimento, consideradas no artigo 13º, que o proxecto non se tería levado a cabo na rexión asistida de non ter sido pola axuda.

Artigo 5º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. Para os efectos do previsto no artigo 20º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa os datos de carácter persoal que figuren no NIF do interesado e a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Non obstante, o solicitante poderá denegar o consentimento, facéndoo constar expresamente no formulario de solicitude, debendo presentar entón o NIF e as certificacións ás cales fai referencia este punto.

Igualmente, de conformidade co mesmo artigo 20º.3 da Lei 9/2007, se o solicitante indica que certa documentación que se deba usar neste procedemento xa figura no poder da Administración, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instructor para acceder a ela. Para estes efectos, a documentación debe manterse vixente e identificarse no formulario de solicitude o procedemento administrativo para o que foi presentada.

En calquera caso, nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano instructor poderá requirirle ao solicitante a presentación da documentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no dito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos, todo isto conforme ao establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

3. De conformidade co artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publi-

cación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

4. De acordo co previsto nos artigos 6º e 7º punto 2, letra d) do Regulamento (CE) 1828/2006, a aceptación das axudas polos beneficiarios implica a aceptación da súa inclusión na lista de beneficiarios.

5. A Consellería de Cultura e Turismo velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exigencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros, no entanto, a Consellería de Cultura e Turismo revelaralles ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida, de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e achegando identificación suficiente ao seguinte enderezo: edificios administrativos San Caetano, San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que poderá atopar na Guía do cidadán da páxina web da Xunta de Galicia.

Artigo 6º.-*Órganos competentes.*

A Secretaría Xeral para o Turismo, será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, e correspóndelle ao conselleiro de Cultura e Turismo ditar a resolución de concesión.

Artigo 7º.-*Instrución dos procedementos.*

1. De conformidade co establecido no artigo 71º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se considerará que desistiu na súa petición, logo da correspondente resolución.

2. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos



artigos 59.6 b), 60º e 61º da indicada Lei 30/1992, os requirimentos citados de emenda poderanse facer mediante publicación no DOG, e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro de anuncios da páxina web da Consellería de Cultura e Turismo ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG. Se a instrución do procedemento o aconsellase, o órgano competente poderá substituír esta publicación no DOG e na web pola notificación individualizada de conformidade co establecido no artigo 59º da Lei 30/1992.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. O Servizo de Turismo da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo achegará un informe que deberá indicar se o proxecto é conforme coa normativa de ordenación turística vixente, a localización e interese turístico do proxecto e, de ser o caso, as datas de autorización e de inscrición no REAT (ou a declaración responsable de inicio de actividade e o compromiso de manter os requisitos durante o tempo de vixencia da actividade) e a clasificación turística que lle correspondería. Así mesmo, achegarase un informe do Servizo de Investimentos e Supervisión Técnico-Turística sobre a calidade do inmovible, do seu estado e do proxecto. Estes informes achegaranse cunha antelación mínima de dez días previos á realización da comisión de valoración.

5. Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

6. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, en que se indicarán as causas desta.

#### Artigo 8º.-Comisión de valoración.

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

a) O/a subdirector/a xeral de Xestión, Fomento e Cooperación, que a presidirá.

b) Os/as xefes/as do Servizo de Turismo de cada unha das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura e Turismo.

c) O/a xefe/a do Servizo de Xestión e Fomento, da Secretaría Xeral para o Turismo, que exercerá as funcións de secretario/a.

d) O/a xefe/a do Servizo de Investimentos e Supervisión Técnico-Turística da Secretaría Xeral para o Turismo.

e) O/a xefe/a do Servizo de Inspección da Secretaría Xeral para o Turismo.

f) O/a xefe/a da Área de Xestión de Calidade de Turgalicia.

g) O/a xefe/a da Área de Turismo Rural e Interior de Turgalicia.

3. Os/as suplentes serán designados/as pola Secretaría Xeral para o Turismo.

4. A comisión poderá estar asistida por expertos externos.

5. Así mesmo, a comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica para os efectos de colaborar na revisión e valoración dos documentos achegados xunto coa solicitude.

6. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose a avaliación que lles corresponde, segundo os criterios recollidos no artigo seguinte e indicando o importe da concesión que se propón para cada un deles.

7. No caso de existiren solicitudes que non figuran na proposta anterior por razón do baremo aplicado ao terse esgotado o crédito dispoñible, a comisión poderá emitir propostas sucesivas de concesión, ben por dispor de crédito por producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente propostos ou ben por incremento do orzamento inicialmente destinado a esta subvención.

#### Artigo 9º.-Criterios de valoración.

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica, financeira e medioambientalmente viables, e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención serán por orde decrecente os seguintes, tendo en conta a valoración específica que se lle atribúe cada un deles.

1º A localización do investimento atendendo a súa situación en:

-Localización do proxecto nas provincias de Lugo ou Ourense (5 puntos).

-Áreas rurais con tendencia á despoboación (5 puntos).

-Situación en municipio turístico oficialmente declarado (5 puntos).

-Situación nun espazo cualificado con algunha figura de protección ambiental (5 puntos).

Ata 20 puntos.

2º Que o establecemento solicitante acredite o seu compromiso coa calidade turística:

-Acreditando certificación da marca Q de Calidade Turística do ICTE (5 puntos).

-Acreditando a súa adhesión vixente para o ano 2011 ao ICTE, no caso de establecementos aínda non certificados co Q de Calidade Turística (5 puntos).

-Acreditando o Distintivo en Boas Prácticas de Compromiso de Calidade Turística concedido por un destino Sicted (Sistema de Calidade Turística Española en Destinos) na Comunidade Autónoma de Galicia (5 puntos).

Ata 15 puntos.

3º Que o proxecto pretenda acadar un establecemento respectuoso co ambiente:

-Acreditando unha certificación ambiental internacionalmente recoñecida (ISO, EMAS, Etiqueta Ecolóxica,...). (Ata 8 puntos).

-A través da implantación de tecnoloxías que permitan aforros e eficiencias das instalacións en campos como: residuos, enerxías, depuración de augas, contaminación acústica, etc. (Ata 7 puntos).

Ata 15 puntos.

4º Que o proxecto incida especialmente nas condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

Ata 15 puntos.

5º Que o investimento inclúa novas tecnoloxías cara a xestión e comercialización dos servizos turísticos.

Ata 10 puntos.

6º Que o proxecto supoña a implantación de novas ofertas combinadas das instalacións e servizos de turismo con outras actividades complementarias que permitan mellorar a oferta e contribuír a dinamizar turísticamente o contorno onde se asenta (turismo mariñeiro/náutico, turismo enolóxico, turismo ornitolóxico, turismo de golf, turismo termal, turismo cultural, turismo de aventura e turismo gastronómico).

Ata 10 puntos.

7º Rehabilitación dunha edificación singular ou dun elemento do patrimonio arquitectónico tradicional.

Ata 15 puntos.

Artigo 10º.-*Audiencia.*

Efectuada a avaliación, a comisión fará un informe co seu resultado, á vista do cal o órgano instructor elaborará unha proposta de resolución provisional debidamente motivada que deberá ser notificada aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións de acordo co establecido no artigo 21º.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11º.-*Resolución e notificación.*

1. Examinadas as alegacións, o órgano instructor formulará a proposta de resolución definitiva e elevaraa ao conselleiro de Cultura e Turismo.

2. O conselleiro, á vista da proposta de resolución, ditará no prazo de 15 días desde a súa elevación a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e na cal, en todo caso, quedarán debidamente xustificadas todos os extremos contidos no artigo 34º.4 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

En calquera caso, o pagamento da subvención estará condicionado a que os órganos competentes da Unión Europea adopten a decisión de non formular obxeccións a esta ou declaren a subvención compatible co mercado común e nos termos en que a dita declaración se realice, aspecto que se fará constar no acto administrativo de concesión, de conformidade co disposto no artigo 17.4º do regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo elixible da actividade que desenvolverá o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecida.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de seis meses, contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que se ditase resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59º.6 b) da indicada lei, no caso das subvencións concedidas poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Cultura e Turismo. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. Coa publicación no DOG poderá remitirse aos beneficiarios a que consulten a información detallada da resolución no taboleiro da citada web.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación. Non obstante, poderase substituír esta notificación individual pola publicación no DOG, coa indicación de que os non beneficiarios consulten a información detallada da súa resolución no taboleiro da citada web.

#### Artigo 12º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura e Turismo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

#### Artigo 13º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 35º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Cultura e Turismo, logo da instrución do correspondente expediente en que se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos no artigo 10º.

#### Artigo 14º.-*Aceptación e renuncia.*

1. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produciise manifestación expresa en contra, se entenderá tacitamente aceptada.

2. Coa aceptación o beneficiario consente a publicación da resolución en que se lle concede a axuda na lista de beneficiarios prevista nos artigos 6º e 7º.2 d) do Regulamento (CE) 1828/2006, da Comisión.

3. A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo VI, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42º.1 da mesma lei.

#### Artigo 15º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Os beneficiarios das subvencións adquiren os seguintes compromisos e obrigas, de conformidade co establecido no artigo 11º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable:

a) Iniciar a actividade turística (ou continuala no caso de proxectos de mellora) incluídos todos os servizos que se recolleron no proxecto, previa declaración responsable de inicio de actividade, nun prazo máximo de seis (6) meses contados a partir da data límite da xustificación final do investimento fixada no artigo 17º destas bases.

b) Manter a entidade beneficiaria da axuda a súa actividade en Galicia, sen posibilidade de subcontratala, durante un período mínimo de dez (10) anos, contados desde a data de concesión da declaración responsable de inicio de actividade ou, no seu defecto, desde que se produza a liquidación definitiva da subvención.

Así mesmo, segundo establece o artigo 57º do Regulamento 1083/2006, o investimento deberá manterse en Galicia polo menos durante os cinco anos seguintes, unha vez completada a totalidade do investimento.

De non cumprir coas citadas obrigas procederase ao reintegro da subvención concedida.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Cultura e Turismo e, ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas

na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas e ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle á Secretaría Xeral para o Turismo da Consellería de Cultura e Turismo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberase efectuar tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. A Consellería de Cultura e Turismo comprobará que non se superan as porcentaxes máximas de acumulación establecidas na normativa comunitaria europea.

e) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma. No caso de que as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instrutor, conforme o artigo 20º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deseen como resultado que o solicitante ou o beneficiario ten débedas ou obrigas con algunha destas administracións, requirirase o solicitante ou beneficiario para que regularice a situación e presente por si mesmo o correspondente certificado.

f) Reintegrar, total ou parcialmente, o importe percibido pola subvención concedida, así como os correspondentes xuros de demora xerados desde o momento do pagamento, nos seguintes casos:

-Por incumprimento dos compromisos e obrigas relacionados neste artigo.

-Por incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos prazos e termos establecidos nesta orde.

-Obtención da subvención sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisen.

-Incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade, do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a subvención.

-Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos

fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo ou a concorrencia con outras axudas para a mesma finalidade percibidas de calquera Administración ou ente público ou privado.

-Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

g) Adscribirse á central de reservas de turismo rural cando se trate destes establecementos e a aquelas que, se é o caso, cree a Administración turística galega.

h) Executar o proxecto de total conformidade co presentado ao concurso de subvencións ou, se é o caso, o modificado coa autorización da Administración turística galega.

i) A facilitar datos, de forma periódica ou logo de requirimento da Administración turística galega, sobre a ocupación rexistrada no establecemento.

j) Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15º.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Así mesmo deberán cumprir as medidas en materia de información e publicidade reguladas na sección I do capítulo II do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello (DOUE do 27 de decembro, L371), coas modificacións introducidas polo Regulamento (CE) 846/2009 da Comisión, do 1 de setembro (DOUE do 23 de setembro de 2009, L250).

En concreto, as entidades beneficiarias de axudas deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto subvencionado, o cofinanciamento dos seus proxectos con fondos europeos Feder así como pola Xunta de Galicia a través da Consellería de Cultura e Turismo, de acordo co disposto na regulamentación comunitaria nesta materia. Para isto empregarán a lenda «proxecto cofinanciado», acompañado do escudo normalizado da Xunta de Galicia, podendo descargarse o logotipo no seguinte enlace: [www.xunta.es/descarga-do-manual](http://www.xunta.es/descarga-do-manual), e o emblema normalizado da Unión Europea coa lenda «Unión Europea. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional» (Feder), e precedendo os emblemas empregárase a lenda «Unha maneira de facer Europa». Estas medidas están recollidas na Guía de publicidade e información das intervencións cofinanciadas polos fondos estruturais 2007-2013 que pode consultarse na páxina web (<http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/guia-intervencions-cofinanciadas-fe>). Os custos correspondentes á dita publicidade serán por conta do beneficiario da subvención.

Cando se materialice nunha aplicación informática deberán facerse as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación (axuda, acerca de ou similares).

Cando o proxecto dea lugar a documentación (manuais, cadernos, folletos, notas informativas, CD-Rom) deberán constar na contraportada das ditas publicacións as citadas referencias.

Cando se trate de obras arquitectónicas os beneficiarios deberán colocar unha placa explicativa permanente, visible e de gran tamaño, nun prazo máximo de 6 meses a partir da conclusión da obra. Na placa indícarase o tipo e nome da operación, que ocupará como mínimo o 25% da placa. Durante a execución da operación o beneficiario colocará un cartel no lugar das operacións. Concluída a operación, o cartel substituirase pola placa explicativa permanente.

k) O beneficiario queda obrigado a manter unha separación contable adecuada para os gastos relacionadas coa axuda que facilite a «pista de auditoría».

l) O beneficiario deberá conservar documentación contable e de todo tipo relativa á execución dos gastos do proxecto obxecto da subvención por un período de 3 anos a partir do peche do programa operativo, de conformidade co artigo 89º número 3º do Regulamento 1083/2006, do Consello.

m) Os proxectos que se subvencionen terán que cumprir o disposto na Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e as normas regulamentarias de desenvolvemento.

#### Artigo 16º.-*Subcontratación.*

Permítese, para a realización das obras necesarias para executar o proxecto, a subcontratación do 100%, cos límites establecidos no artigo 27º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 17º.-*Xustificación da subvención.*

1. No prazo de sesenta (60) días naturais seguintes á notificación da concesión da subvención, os beneficiarios presentarán na Secretaría Xeral para o Turismo a seguinte documentación por duplicado exemplar:

a) Proxecto de execución definitivo da acción subvencionada, achegarase visado e incluírá o programa de obras que determinará a previsión anual de execución do investimento, conforme a resolución de concesión e copia compulsada do nomeamento de dirección de obra.

O dito proxecto e programa teñen que ser conformes co determinado na resolución de concesión da subvención, e para os efectos da súa validez para incorporar ao expediente deberán ser avaliados polo Servizo de Investimentos e Supervisión Técnico-Turística da Secretaría Xeral para o Turismo.

b) Documento acreditativo ou contrato do nomeamento do director da obra e director da execución material da obra.

2. Para cobrar a primeira anualidade (2011) da subvención concedida, o beneficiario terá de prazo ata o 30 de novembro de 2011 para presentar nos lugares sinalados no artigo 3º da convocatoria a documentación que a continuación se indica:

a) Solicitud de cobramento segundo o modelo do anexo V.

b) Certificación de obra por conceptos, en modelo normalizado que se compón de portada, certificación en orixe, por partidas e capítulos, segundo medicións e prezos recollidos no proxecto de execución, elaborada polo arquitecto e arquitecto técnico da obra, relativa á obra executada coa súa valoración e, no caso de obra rematada, tamén se achegará certificado de fin de obra.

No caso de obras menores con orzamento de execución material superior a 50.000 euros os beneficiarios presentarán certificado de fin de obra asinada por persoal técnico competente.

c) Facturas que deberán especificar a que concepto corresponden segundo o investimento que serviu de base para a concesión da subvención, xunto coas certificacións bancarias ou, no seu defecto, copias das ordes de transferencia que xustifiquen o seu pagamento. En todo caso o importe reflectido na certificación de obra debe coincidir co xustificativo coas ditas facturas.

d) Licenza urbanística que posibilite a execución do investimento subvencionado. O dito documento é preceptivo, non se procederá ao pagamento de ningunha anualidade mentres non se presente.

e) Certificados expedidos polos organismos competentes acreditativos de estar ao día nas obrigas tributarias coas facendas do Estado e da comunidade autónoma, así como nas obrigas coa Seguridade Social e de non ter ningunha débeda pendente por ningún concepto con ningunha Administración pública. Non obstante, a presentación da solicitud de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

f) Declaración responsable onde se recollan expresamente os compromisos a que se fai referencia no artigo 15º das bases reguladoras.

g) Declaración actualizada de conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. Pode utilizarse actualizado o anexo IV: Modelo de declaracións.

h) Xustificante orixinal do depósito da garantía presentada no caso de pagamentos de importe superior a 18.000 euros, de acordo co establecido no artigo 62º en relación co 65º e 67º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Para cobrar a segunda anualidade (ano 2012) da subvención concedida, o beneficiario terá de prazo ata o 30 de novembro de 2012 para presentar nos lugares sinalados no artigo 3º da convocatoria a documentación que se sinala nas letras a), b), c) e g) do punto anterior agás que se completase a totalidade da execución e se xustificase correctamente a súa realización coa certificación de fin de obra e demais documentación na primeira anualidade neste caso unicamente terá que presentar en prazo a solicitude de cobramento.

4. O investimento xustificado ten que coincidir coa resolución de concesión da subvención, ou as modificacións autorizadas. De non xustificarse o investimento executado, quedarán anuladas toda a subvención, non obstante, se a xustificación fose inferior ao investimento previsto en calquera das anualidades, sempre que se manteña a finalidade da subvención, minorarase a concesión proporcionalmente ao investimento non xustifico e, para o caso de que o executado non cumprise o fin para o que se concedeu a subvención, quedaría anulada na súa totalidade.

5. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a existencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Neste caso o conselleiro ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42º.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 18º.-Pagamento.

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

2. Cando se soliciten pagamentos parciais, ademais da presentación da documentación indicada no artigo 17º, tamén deberán concorrer as seguintes circunstancias e condicións a que fai referencia o artigo 6 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 20, do 29 de xaneiro):

a) Os pagamentos á conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, e aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada ata a porcentaxe que establezan as bases reguladoras.

b) O importe conxunto dos pagamentos á conta que, se é o caso, se concedesen non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

3. Os pagamentos parciais quedarán condicionados ao resultado da liquidación definitiva da subvención.

4. Os pagamentos parciais superiores a 18.000 euros terán que garantirse conforme o establecido no artigo 67º.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A garantía constituirase mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, deberá cubrir o 110% do importe das cantidades aboadas á conta ou das cantidades anticipadas calquera que sexa o prazo de xustificación previsto na convocatoria e deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes ao remate do prazo de xustificación previsto no artigo 17º destas bases reguladoras.

Tal e como establece o artigo 69º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as garantías deberán constituírse na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia ou nas súas sucursais, situadas nas delegacións territoriais da consellería competente en materia de facenda.

Unha vez comprobada a adecuada xustificación da realización da actividade ou proxecto para o que se concedeu a subvención, as garantías serán liberadas.

5. Nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investi-

mento polo órgano concedente, e quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada tanto polo representante da Administración coma polo beneficiario.

A comprobación material poderáselle encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

Excepcionalmente, a comprobación material poderase substituír por unha xustificación documental que constate de forma razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.

#### Artigo 19º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

3. Cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos compromisos adquiridos, a cantidade que hai que reintegrar responderá ao principio de proporcionalidade e determinarase aplicando os mesmos criterios de avaliación que se empregaron para a concesión referidos á realidade finalmente comprobada.

4. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

#### Artigo 20º.-*Control.*

1. A Consellería de Cultura e Turismo poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como aos dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

#### Artigo 21º.-*Publicidade.*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario ou programa e crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Igualmente, farano na correspondente páxina web oficial nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a tres mil euros (3.000 €), non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Cultura e Turismo.

#### Artigo 22º.-*Remisión normativa.*

Son de aplicación directa o Decreto 432/2009, do 11 de decembro, polo que se regulan as axudas rexionais ao investimento e ao emprego na Comunidade Autónoma de Galicia (publicado no DOUE o 16 de febreiro de 2010, con número de axuda X 28/2010), en aplicación do Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado o Regulamento comunitario 1080/2006, do 5 de xullo (DOUE do 31 de xullo, L210), relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional; o Regulamento comunitario 1083/2006 do Consello (DOUE do 27 de decembro, L371), relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), ao Fondo Social Europeo (FSE) e ao Fondo de Cohesión; o Regulamento comunitario 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006, coas modificacións introducidas polo Regulamento (CE) 846/2009 da Comisión, do 1 de setembro (DOUE do 23 de setembro, L250).

Para todo o non previsto nestas bases reguladoras haberá que aterse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e o resto de normativa que resulte de aplicación.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E TURISMO

## ANEXO II

PROCEDIMENTO <b>SUBVENCIÓNS PARA A CREACIÓN DE ALDEAS DE TURISMO RURAL, A MELLORA DE ESTABLECEMENTOS EXISTENTES DE TURISMO RURAL, E A CREACIÓN OU MELLORA DA SÚA OFERTA COMPLEMENTARIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>CT983H</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

## DATOS DO/DA SOLICITANTE

APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL		NOME		NIF	
[ ]		[ ]		[ ]	
ENDEREZO			LOCALIDADE		
[ ]			[ ]		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	
CORREO ELECTRÓNICO					
[ ]					
NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE LEGAL <sup>1</sup>				NIF	
[ ]				[ ]	
ENDEREZO PARA NOTIFICACIÓNS			TELÉFONO	FAX	
[ ]			[ ]	[ ]	
CORREO ELECTRÓNICO					
[ ]					

## LOCALIZACIÓN E DESCRICIÓN DO PROXECTO

PROVINCIA	CONCELLO	NOME COMERCIAL			
[ ]	[ ]	[ ]			
<b>CUSTO DO INVESTIMENTO</b>			<b>FINANCIAMENTO DO PROXECTO</b>		
Execución material	[ ]	Recursos propios	[ ]		
Implantación sistema de calidade	[ ]	Préstamos	[ ]		
Outros investimentos subvencionables	[ ]	Préstamos pemes	[ ]		
Importe neto	[ ]	Outras subvencións	[ ]		
Imposto-taxas	[ ]		TOTAL [ ]		
TOTAL	[ ]				

## EXPÓN:

Que vista a orde de subvencións publicada no DOG nº \_\_\_\_\_ do \_\_\_\_\_ de 20 \_\_, e considerando que reúno os requisitos exixidos conforme a memoria e demais documentación que se presenta e coa expresa aceptación de todos os termos da convocatoria, e coa finalidade de realizar o proxecto de <sup>2</sup>

[ ]

## SOLICITA:

Unha axuda para completar o financiamento do sinalado proxecto

<sup>1</sup> Neste caso débese actuar no procedemento consonte o artigo 32º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común  
<sup>2</sup> Tense que poñer o obxecto do investimento, segundo o proxecto presentado

Quen abaixo asina DECLARA QUE presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Cultura e Turismo para que, de acordo co establecido nos puntos 3 e 4 do artigo 13º da Lei 4/2006 do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un fichero para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do fichero.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 23 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a creación de aldeas de turismo rural, a mellora de establecementos existentes de turismo rural, e a creación ou mellora da oferta complementaria nos establecementos de turismo rural existentes e se procede á súa convocatoria para o ano 2011 (CT983H), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013.*

## SIGNATURA DO/A SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL

Lugar e data

, de de

## (Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	
REVISADO E CONFORME	

## NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

\_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_

DATA DE EFECTOS

\_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_

DATA DE SAÍDA

\_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_



ANEXO III

**ANEXO TÉCNICO**  
Achegarase ao proxecto básico

**DATOS DO/DA SOLICITANTE**

APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL		NOME		NIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE			
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	

**DATOS DO INVESTIMENTO**

DENOMINACIÓN					
ENDEREZO					
PROVINCIA		CONCELLO			
Nº DE EDIFICACIÓNS	Nº DE CUARTOS DOBRES	Nº DE CUARTOS INDIVIDUAIS			

**DATOS DO ARQUITECTO**

APELIDOS	NOME	TELÉFONO
----------	------	----------

**DATOS DO ARQUITECTO TÉCNICO**

APELIDOS	NOME	TELÉFONO
----------	------	----------

**DATOS ARQUITECTÓNICOS E CONSTRUTIVOS DO PROXECTO**

<b>MATERIAIS E TIPOLOXÍAS EMPREGADAS (BREVE DESCRICIÓN)</b>		
ESTRUTURA		
CUBERTA		
PECHE/ACABAMENTO EXTERIOR		
PAVIMENTOS		
CARPINTARÍA EXTERIOR		
<b>SUPERFICIES</b>		
SUP. CONSTRUÍDA	SUP. DORMITORIOS (E OS SEUS BAÑOS)	SUP. COMEDOR/PRAZAS (SE EXISTE)
SUP. ÚTIL	SUP. ZONAS COMÚNS (SEN ESPAZOS DE CIRCULACIÓN)	SUP. DO DORMITORIO DOBRE MÍNIMO NO PROXECTO
SUP. DE PARCELA	SUP. SALÓN SOCIAL	SUP. DO DORMITORIO INDIVIDUAL MÍNIMO NO PROXECTO

**DATOS ECONÓMICOS**

EXECUCIÓN MATERIAL DA EDIFICACIÓN SEGUNDO O PROXECTO	EXECUCIÓN MATERIAL DA EDIFICACIÓN MÁXIMA SEGUNDO A ORDE DE SUBVENCIÓN	URBANIZACIÓN
REDACCIÓN DO PROXECTO	DIRECCIÓN DAS OBRAS	REPERCUSIÓN DO ORZAMENTO POR M <sup>2</sup> CONSTRUÍDO

Lugar e data \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

## ANEXO IV

## DECLARACIÓN

Don/Dona , con NIF nº ,  
actuando en nome e representación da entidade , que ten o  
seu enderezo en

**DECLARA:**

- Non ter solicitada nin, en consecuencia, aprobada, concedida, ou pendente de resolución ningunha axuda para a actividade obxecto desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Ter solicitada, aprobada, concedida ou pendente de resolución a axuda que se detalla a continuación para a realización da actividade á que se refire esta solicitude.

Denominación do organismo, sociedade ou entidade pública á que se lle solicitou a axuda	Importe	Situación (solicitada, aprobada/concedida, ou pendente de resolución)	Data de concesión
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

- Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non estar suxeito/a a unha orde de recuperación de axuda pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase a axuda ilegal e incompatible co mercado común.
- Non ter a consideración de empresa en crise conforme o disposto no artigo 1º apartado 7 do Regulamento (CE) 800/2008, do 6 de agosto, da comisión en relación ás pemes e conforme o disposto no apartado 2.1 das directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (2004/c 244/02) en relación ás grandes empresas.

Lugare data

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.:

ANEXO V

SOLICITUD DE COBRAMENTO DA SUBVENCIÓN

BENEFICIARIO		NIF	EXPEDIENTE Nº
INVESTIMENTO SUBVENCIÓNABLE APROBADO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA		INVESTIMENTO XUSTIFICADO
ANO 2011	ANO 2011	ANO 2011	
ANO 2012	ANO 2012	ANO 2012	
<b>TOTAL</b>	<b>TOTAL</b>	<b>TOTAL</b>	

Don/Dona \_\_\_\_\_  
 en nome e representación de \_\_\_\_\_  
 titular do expediente de referencia, promovido ao abeiro da orde da Consellería de Cultura e Turismo pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a creación de aldeas de turismo rural, a mellora de establecementos existentes de turismo rural, e a creación ou mellora da oferta complementaria nos establecementos de turismo rural existentes e se procede á súa convocatoria para o ano 2011 (CT983H), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013.

**EXPÓN:**  
 Que no período comprendido entre o \_\_\_\_\_ e o \_\_\_\_\_ se executou o gasto relativo a \_\_\_\_\_, que comprende os conceptos e importes aprobados como subvencionables para o investimento de referencia, por resolución do conselleiro de Cultura e Turismo do \_\_\_\_\_, por un importe \_\_\_\_\_ euros.

Que para a tramitación da proposta de pagamento da subvención concedida, segundo o sinalado no artigo 17º do anexo I da antedita orde, aporta a seguinte documentación:

- Certificación de obra por conceptos, en modelo normalizado que se compón de portada, certificación en orixe, por partidas e capítulos, segundo medicións e prezos recollidos no proxecto de execución, elaborada polo arquitecto e arquitecto técnico da obra, relativa á obra executada coa súa valoración.
- Certificado de fin de obra.
- Facturas que deberán especificar a que concepto corresponden segundo o investimento que serviu de base para a concesión da subvención, xunto coas certificacións bancarias ou, no seu defecto, copias das ordes de transferencia, que xustifiquen o seu pagamento. En todo caso o importe reflectido na certificación de obra debe coincidir co xustificado coas ditas facturas.
- Certificacións de estar a día nas obrigas tributarias coas facendas do Estado e da comunidade autónoma e nas súas obrigas coa Seguridade Social.
- Licenza urbanística que posibilitase a execución do investimento subvencionado.
- Declaración responsable onde se recollan expresamente os compromisos a que se fai referencia no artigo 15º das bases reguladoras.
- Declaración actualizada de conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. (Anexo IV).
- Xustificante orixinal do depósito da garantía.

**SOLICITA:** que se lle liquide a \_\_\_\_\_, titular do expediente de referencia a subvención concedida por importe de \_\_\_\_\_ e que se corresponden á execución do investimento aprobado e que representa o \_\_\_\_\_ % do investimento subvencionable que se xustifica.

Lugar e data \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

O/A titular da subvención \_\_\_\_\_

Asdo.:

## ANEXO VI

## MODELO DE RENUNCIA

Don/Dona , con NIF nº   
actuando en nome e representación da entidade   
que ten o seu enderezo en

**MANIFIESTA**

Que o día  recibiu a notificación da concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións  
para a creación de aldeas de turismo rural, a mellora de establecementos existentes de turismo rural, e a creación ou mellora da oferta  
complementaria nos establecementos de turismo rural existentes e se procede á súa convocatoria para o ano 2011 (CT983H), cofinanciadas polo  
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013, con clave de  
expediente , para o proxecto   
por una cuantía de  euros.

**DECLARA**

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento  
administrativo común.

*Lugar e data*

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.:

*Secretaría xeral para o Turismo  
Consellería de Cultura e Turismo*